

Abraham Pérez, escritor: "Na obra manifesto o inconsciente colectivo, cousas normalizadas pero que nos afectan"

Abraham Pérez presenta esta sexta feira na Coruña o seu libro *A vida a arder* (Galaxia). Con Grao e Mestrado en Filosofía e estudos de guión, Pérez recolleu numerosos premios e recoñecementos como escritor por obras como *O paso en falso*, *Sacho de seda* ou *O corpo transparente das horas*, entre outras.

Aroa González 15 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/abraham-perez-escritor-obra-manifesto-inconsciente-colectivo-cousas-normalizadas-que-nos-afectan/20260115211447244493.html>

—No libro explora vidas urbanas condicionadas pola Grande Recesión. Como xurdiu esta idea?

A obra xurde da idea de que ás veces os grandes feitos, os titulares, son os que van quedando nas capas dos xornais. Interesábame relatar unha serie de personaxes, tanto femininos como masculinos, que habitasen en cidades cotiás, mais que dentro desa cotiandade se revelasen e manifestasen unha serie de cuestións determinantes para as súas vidas. Unha das preguntas que estiven facendo a min mesmo ao escribir o libro foi como reaccionarían esas persoas en función da clase social, que é unha das cuestións máis importantes das nosas condicións como seres humanos. Moitas veces o concepto de clase social non é o que está en primeira plana á hora de analizar feitos históricos ou económicos. Esa é a idea principal da historia.

—Con que lle gustaría que se quedase o lector despois de ler a obra?

Sobre todo que desfrute cos relatos. Non sei se "gustar" é a palabra que quero empregar, mais que lles resulte relevante e interesante. Ás veces podémonos atopar temas que ao mellor non son os que máis nos gustan pero rematan sendo moi interesantes. Espero que as persoas que o lean o desfruten e o experimenten.

—Foi moi longo o proceso de documentación a pesar de estar mesturado con ficción?

Hai moita ficción, eu sempre digo que hai cousas que, aínda que nos queiramos liberar delas, están presentes. Os textos e relatos da miña obra son diferentes entre si, mais ao final teñen unha certa complicidade entre eles, por exemplo porque os personaxes están atravesando esa crise económica. O que fago nesta obra é manifestar o inconsciente colectivo, manifesto esas cousas que damos por sentadas, que están naturalizadas e normalizadas, e ao final afectan a nosa vida.

Intereseime tamén polo tipo de linguaxe dos diferentes personaxes. Por exemplo, hai un relato no que os protagonistas son adolescentes dunha clase determinada e nun contexto determinado.

Tratei de empregar a linguaxe que usarían na realidade persoas con esas características. Todos os relatos teñen un fío condutor aínda que teñan técnicas distintas.

Algunhas pezas son cartas e outras poden ser un texto sentimental, van cambiando de forma. Outra cuestión á que prestei moita atención foron as referencias culturais e os contextos de cada personaxe, para poder transmitir a situación na que vive cada un.

—Conta con varios recoñecementos na súa traxectoria como escritor. Inflúen estes galardóns á súa forma de escribir?

No meu caso non. Gústame escribir sobre a identidade, sobre as situacións actuais, sobre o papel das obras de arte nas nosas vidas, e demais temas que teño a posibilidade de abarcar e tratar en diferentes estilos. Podo empregar un ton máis lírico ou máis narrativo, por exemplo.

Non teño presión por parte dos premios, se teño a sorte de que me dean un recoñecemento, para min é marabilloso, mais non o fago polos galardóns, de feito non me presento a demasiados.

Realmente non penso niso, simplemente escribo as obras, emprego a poesía cando quero ser máis abstracto e a narrativa cando me apetece ser máis concreto cos temas que estou a tratar.